

A sección onde
deixares [as túas
opinións](#),
comentarios ou
suxestións e
debater con outros
internautas.

Consulta no
[directorio de
Vieiros](#) as páxinas
sobre literatura,
editoriais e
librarías

Microrrelatos urbanos


[23/03/2007 13:08] por **Manuel Rodríguez Alonso**

Palabras contadas

Camilo Franco

xerais, Vigo, 2006. 173 páxs, 14,80 €

Camilo Franco reúne neste volume arredor de 140 microrrelatos que constitúen unha verdadeira radiografía do urbanita do noso tempo. Diciamos, a propósito de narracións comentadas aquí de novos autores como Ameixeiras, Veiga, Francisco Castro ou Domingo Villar, que se advirte a existencia dunha nova xeración de novelistas galegos que optan pola actualidade e o urbano, fronte a xeracións anteriores, como a de Rivas ou De Toro, en que hai unha mestura de rural-urbano ou a memoria histórica é tema recorrente. Camilo Franco inclúese, con esta obra, dentro desta nova moda de narrativa urbana e inmediata que está a vivir a literatura galega.



Os personaxes dos microrrelatos son os habitantes típicos de calquera cidade do mundo desenvolvido. Estes entes de ficción dannos a sensación de seren homes e mulleres que pasean polas rúas, cos que nos cruzamos cada día, aínda que non os coñecemos, mais que agochan soidades, arelas, frustracións, teimas ou psicoses que todos coñecemos moi ben, porque son as propias da civilización urbana de hoxe. Non falta tampouco nestes microrrelatos a desmitificación de tópicos culturais como o teatro de vangarda ou a procura do tempo perdido a partir da célebre madalena de Proust e a espera de Godot. Este ton desmitificador e unha miga dadaísta é nota recorrente nos novos narradores galegos, cansos de tanta transcendencia cultural como vivimos dende os tempos do progresismo tardofranquista.

O novelista trata con total desinhibición temas como a cultura, o sexo, a muller, incluso ás veces caendo en expresións que poden parecer machistas ou politicamente incorrectas, mesmo recreacións de chistes ou lendas urbanas que a algúns que se moven no ámbito do politicamente correcto poden parecerlles mal, como acontece no microrrelato "Instinto de supervivencia" (páxina 41). Mais así é a nosa sociedade.

Nalgúns microrrelatos a brevidade casa coa ironía, producindo verdadeiras xoias, como é o caso de "Vida mol" (páxina 56). Noutros textos é fundamental a truculencia, inspirada moitas veces nos medios de comunicación social, nos telexornais e ata no teléxico, como ocorre en "Estaba de ser" (páxina 62) ou "Algúns ritos" (páxina 67).

Alguns destes textos conteñen unha forte dose de violencia, mesmo de violencia de xénero, que Franco retrata sen falsos moralismos e coa obxectividade do xornalista, mesmo adoptando a perspectiva do agresor, co que o lector se sente arrepiado (léase por exemplo "Con outro", páxina 72). Tampouco falta o social nestes microrrelatos e un dos máis logrados é o que destina a definir a etapa fraguista en Galicia: "Longa noite de merda".

A derradeira parte do libro está formada por trinta textos que o autor titula "Outros trinta argumentos de novela", que, en efecto, son outros tantos xermolos de novelas de distintos subxéneros, dende o realista ao fantástico, pasando polo policial. O ton irónico e ata hixiénico é de novo evidente nalgúns destes relatos, como o XIX (páxina 147), en que ante o perigo de desaparición dunha lingua no 2063, as autoridades deciden *nomear un equipo lingüístico habitual para limpar, fixar ou dar esplendor*. Salientemos así mesmo o XXX, que significativamente pecha o libro, en que un novelista amosa o seu desencanto porque ningún relato seu será publicado *porque ningún deles trata sobre a guerra civil* (páxina 158).

Con todo, hai que dicir, que non todos os 139 textos manteñen a altura dos citados, mais iso é normal, pois xa alguén dixo que non se pode ser sublime sempre... Por outra banda, algúns poden considerar o galego da obra con eivas e ata certa pobreza léxica e fraseolóxica, demasiado próximo ao castelán, mesmo con algún erro na colocación do pronome átono ou no emprego de formas non consideradas normativas. Mais iso, ao noso ver, dálle autenticidade á novela, pois, como ocorre noutros textos dos novelistas máis novos, ofrecen un galego urbano, todo o castelanista que se queira, mais vivo, que non produce a impresión de galego de laboratorio e que ningún fala dos normativizadores extremos que rexeitan *varón, anceo, anguria, caña de cervexa, esquila, ciumenta, mimar, botar un polvo...*, que emprega Franco, pois é a lingua viva e falada, mentres que a normativización extrema, que tan ben critica no texto enriba citado, pode levar á artificialidade. Ademais, o que pode ser contrario á norma nun rexistro, non ten porque selo noutro, especialmente no terreo do léxico. Xa que logo, con esta e con outras novelas que están a saír agora, estamos, posiblemente, ante unha nova xeración de novelistas e un cambio na

narrativa galega, que opta polo urbano e inmediato e considera esgotado o tema da memoria e do rural-urbano da xeración anterior. En certo xeito, lémbrenos a renovación da *Nova Narrativa Galega* dos cincuenta.

mércao en **Andel**

COMENTARIOS:

Hai 1 comentarios para esta nova. [Le os comentarios e participa](#)

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [Na memoria está a dignidade](#)
- ❑ [Penélope reinterpretada](#)
- ❑ [A novas Auria/Oria](#)
- ❑ [Novela prescindible](#)
- ❑ [Viaxe polos vieiros da imaxinación](#)
- ❑ [Crime sen castigo](#)
- ❑ [Na procura das orixes](#)
- ❑ [Un atasco entretido](#)

© Vieiros